



Fundación Meniños

É unha entidade de acción social, sen ánimo de lucro, especializada no ámbito da infancia e da adolescencia. A súa finalidade é garantir o dereito dos nenos que viven en situación de dificultade social a medrar nunha familia.



Accións

Para levar a cabo o seu cometido, dispoñen destes programas de intervención directa:

- Reunificación familiar de volta á casa**
 Neste caso, os esforzos orientáanse a conseguir que os rapaces acollidos en centros de protección de menores poidan volver canto antes á súa casa. Para conseguilo, dispoñen dun equipo formado por profesionais da psicoloxía, da pedagogía e do traballo social e a educación familiar, que trata de axudar a superar a situación que provocou o internamento e converter o fogar en lugar de protección para os fillos.
- Preservación familiar para evitar a separación do neno do seu ambiente familiar**
 Os nenos, nenas e adolescentes que viven en familias con graves problemas de exclusión social corren o risco de ser afastados dos seus pais e do contorno social. Neste caso, a fundación axuda a que superen os seus problemas e a evitar a separación.



- Acollementos e adopcións de nenos e nenas con necesidades especiais**
 Trátase de rapaces que dificilmente atoparán unha familia de acollida ou adoptiva por ter máis de 8 anos, porque son varios irmáns, porque padecen algunha enfermidade crónica, discapacidade física ou psicolóxica, ou requiren unha especial dedicación. A fundación fai campañas de busca de familias acolledoras e leva a cabo sesións de preparación, apoio e orientación, ademais de acompañalas durante todo o proceso.
- Acollementos temporais**
 Este programa conta coa intervención en dous ámbitos familiares: o de acollida e o de orixe. No primeiro, centran o traballo en buscar a pais e a nais dispostos a acoller temporalmente a nenos, nenas e adolescentes, como unha alternativa ao internamento en centros de protección de menores. Unha vez atopados, fórmanos e acompañanos ao longo do proceso. No segundo, centran os apoios en procurar o regreso dos rapaces ao seu fogar e en axudar a mellorar as condicións de vida anteriores.



- Atención familiar**
 O obxectivo deste programa é evitar o ingreso destes nenos e nenas en institucións residenciais. Os destinatarios son:
 - Grupos familiares moi desestruturados.
 - Grupos familiares con escasa conciencia da situación de risco na que se atopan os seus fillos.
 - Adolescentes con absentismo escolar e problemas de conduta.
 - Menores acollidos na súa familia extensa, para garantir a adecuación da medida.
- Sensibilización, educación e prevención**
 Estes proxectos están dirixidos a promover unha cultura dos dereitos e o bo trato á infancia, mediante accións de carácter educativo e preventivo, nas escolas e nos espazos de tempo libre.

Neste caso, os destinatarios son **nenos e nenas de educación primaria**, profesionais da educación, pais, nais, cuidadores e a sociedade en xeral.



- Cooperación técnica**
 A cooperación técnica busca a transferencia de coñecementos e destrezas, o intercambio de experiencias e a formulación de proxectos con outras entidades e países.

Meniños inicia este labor cando organizacións non gobernamentais e administracións de Portugal lle piden colaboración e asesoramento técnico para poñer en marcha programas e actuacións semellantes no seu país. Esta demanda concretábase na sinatura de convenios de colaboración coas entidades **Mundos de Vida, Asociación para a Educación e a Solidariedade** de Lousado (Portugal) e **Centro de Terapia Familiar e Intervención Sistémica**, vinculada ao **Instituto de Acción Social da Região Autónoma de Açores** (Portugal).

Onde está

Sede Central na Coruña Avda. de Cádiz 5, 2.º Edif. A Milagrosa 15008 Tel.: 981 269 955 Fax: 981 256 003	Delegación Lugo Avda. da Coruña 40, 1.º 27003 Tel.: 982 254 325 Fax: 982 221 662
Delegación Ourense Progreso 5, oficina 6 32005 Tel.: 988 23 40 74 Fax: 988 269 928	Delegación Pontevedra Avda. Frago, 48, int. 2 baixo 4210 Vigo Tel.: 986 240 436 Fax: 986 247 759 Sor Lucia 2, 3.º 36002 Pontevedra Tel.: 986 850 156
Delegación Madrid Cuatro Amigos 5, esc. esq. 1.º C 28029 Tel.: 91 398 04 65 Fax: 91 398 04 66	Delegación Asturias Santa Clara 8, 5.º C 33001 Oviedo Tel.: 985 208 124 Fax: 985 209 029

Máis información: <http://www.meninos.org/>



O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web
 Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema
 Eurydice, a rede europea de información sobre educación
 Declaración mundial: Aprender a través do xogo, OMEP 2010
 Entrepreneur, unha revista escolar para desenvolver competencias
 Reiniciáanse as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

COLABORA COA REVISTA

Investigación
 Experiencias
 Cartas á directora
 Foro

OUTRAS SECCIÓNS

Axenda
 EEES - 2010-2011
 Que é
 Mediateca
 Tribuna
 Blogs
 Lexistación
 Hemeroteca
 Créditos da revista